
**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO,
O 30 DE XUÑO DE 2011,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE TRABALLO E BENESTAR

- Decreto polo que se crea o Consello galego da representatividade das asociacións profesionais de traballadores autónomos da Comunidade Autónoma de Galicia e se determinan os criterios para acreditar e declarar a súa representatividade.
- Decreto polo que se determina o calendario laboral para o ano 2012 na Comunidade Autónoma de Galicia.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Acordo polo que se autoriza a adhesión do Concello de Miño á Axencia de Protección de Legalidade Urbanística.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Fundación Centro Tecnolóxico da Lousa de Galicia, en materia de I+D+i e se establece un anticipo do 80% do importe da subvención, sen necesidade de prestación de garantías a favor da Xunta de Galicia, por importe de catrocentos cincuenta mil euros (450.000,00 euros).
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e a Fundación Centro Tecnolóxico do Granito de Galicia, en materia de I+D+i e se establece un anticipo do 80% do importe da subvención, sen necesidade de prestación de garantías a favor da Xunta de Galicia, por importe de catrocentos cincuenta mil euros (450.000,00 euros).

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria, o Consello Superior de Investigacións Científicas e a Universidade de Vigo, para o desenvolvemento da segunda campaña de investigación do Gran Burato, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no Marco do Programa Operativo FEDER Galicia 2007-2013, por importe máximo de setecentos sesenta mil euros (760.000,00 euros).

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

- Acordo polo que se autoriza a adquisición de compromisos de gastos de carácter plurianual por parte da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, en relación coas axudas convocadas pola orde pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas de apoio á etapa predoutoral do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015 (Plan I2C) para o ano 2011, e se procede á súa convocatoria, por un importe total de seis millóns trescentos mil euros (6.300.000 euros).
- Acordo polo que se autoriza a adquisición dos compromisos de gasto de carácter plurianual necesarios para o asinamento dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Grupo de Persoas con Discapacidade da Coruña (GRUMICO) para a posibilitación de desprazamentos de alumnos discapacitados a centros educativos radicados na provincia da Coruña, polo importe máximo de corenta e sete mil corenta e cinco euros con sesenta e un céntimos (47.045,61 euros).
- Acordo polo que se autoriza a adquisición dos compromisos de gasto de carácter plurianual necesarios para o asinamento dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Afines AMENCER-ASPACE para posibilitar os desprazamentos de alumnos discapacitados a centros educativos radicados na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de cento trinta e cinco mil seiscentos dous euros con setenta e seis céntimos (135.602,76 euros).
- Acordo polo que se autoriza a adquisición dos compromisos de gasto de carácter plurianual necesarios para o asinamento dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Comarcal de Educación Especial Santísimo Cristo del Amor (ACEESCA) para posibilitar os desprazamentos de alumnos discapacitados a centros educativos radicados na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de cento dous mil cento setenta e tres euros con sesenta e un céntimos (102.173,61 euros)

- Acordo polo que se autoriza a adquisición dos compromisos de gasto de carácter plurianual necesarios para o asinamento dunha addenda ao convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación en favor de las personas con discapacidad intelectual de la provincia de Pontevedra (ASPANAEX) para posibilitar os desprazamentos de alumnos discapacitados a centros educativos radicados na provincia de Pontevedra, polo importe máximo de sesenta e un mil cento sesenta e seis euros con dezaseis céntimos (61.166,16 euros)

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Acordo polo que se aproba a modificación do catálogo priorizado de produtos farmacéuticos da Comunidade Autónoma de Galicia, aprobado o 30 de decembro de 2010.

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do proxecto "Subestación transformadora 66/20kV A Reigosa" sobre a que cualifica o monte veciñal en man común "A Reigosa" pertencente á comunidade da Reigosa no concello de Ponte Caldelas, Pontevedra. Superficie de afección 15.365 m².
- Acordo polo que valida a autorización á Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración co Ministerio de Defensa, para a prevención de incendios forestais en Galicia durante a campaña 2011, por un importe de cincocentos catro mil trescentos setenta e un euros (504.371,00 euros).

CONSELLERÍA DO MAR

- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de cuarta prórroga do contrato de xestión do servizo público de Gardacostas de Galicia prestado a través de medios marítimos, por un importe total de dous millóns catrocentos seis mil cincocentos trinta e nove euros con trece céntimos (2.406.539,13 euros).

INFORMES

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS

- Informe sobre a Lei de vivenda de Galicia.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

- Informe sobre o Impulso á creación de novas empresas en época de crise.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

- Informe sobre gasto farmacéutico maio 2011.

A XUNTA DÁ LUZ VERDE AO DECRETO QUE CREA O CONSELLO GALEGO DA REPRESENTATIVIDADE DAS ASOCIACIÓNS DE AUTÓNOMOS

- *Trátase do paso previo á constitución do Consello galego do traballo autónomo*
- *Este órgano ocuparase de determinar a representatividade das asociacións profesionais de traballadores autónomos, a través dunha serie de criterios obxectivos fixados no decreto*

O Consello da Xunta deu hoxe luz verde ao proxecto de decreto que crea o Consello galego da representatividade das asociacións profesionais de traballadores autónomos de Galicia. A súa constitución é o paso previo de cara á creación do Consello galego do traballo autónomo, que será o órgano consultivo do Goberno galego en todas as materias que afecten este colectivo.

O proxecto de decreto que se aproba hoxe permitirá poñer en marcha o Consello galego da representatividade, que se constituirá como un órgano colexiado adscrito á Consellería de Traballo e Benestar.

A súa principal función será a de valorar e declarar a representatividade das distintas asociacións profesionais de traballadores autónomos de Galicia, seguindo uns criterios obxectivos que se inclúen no decreto.

Entre estes criterios obxectivos de valoración, cabe destacar o número de traballadores autónomos afiliados; as sedes permanentes das asociacións; o número de asociacións coas que estas entidades asinen convenios; os recursos humanos e materiais; as actividades no últimos tres anos; e os orzamentos dos últimos tres exercicios.

Hai que ter en conta que esta actuación inscríbese na importante aposta do Goberno galego pola promoción do emprendemento e polo apoio aos autónomos galegos. Cabe destacar, por exemplo, que a Xunta está a traballar actualmente no Plan de Emprego Autónomo e Emprendedor, que constituirá o primeiro plan dun goberno galego destinado especificamente a este colectivo. Na actualidade, esta iniciativa está a ser analizada para a súa aprobación na Mesa do Autónomo –impulsada tamén por este Goberno-, así como no seo do diálogo social.

O plan definirá medidas para o apoio aos traballadores e traballadoras autónomas en tres fases fundamentais: a toma de decisión emprendedora e a súa materialización efectiva; o apoio ao inicio da actividade e o asesoramento técnico, xerencial e financeiro na consolidación e crecemento empresarial.

Ademais, creouse o Rexistro galego de asociacións profesionais de traballadores autónomos e promovéronse as distintas liñas de axudas a este colectivo, entre as que destacan as subvencións para o establecemento como traballador por conta propia; axudas para formación ou asistencia técnica; así como subvencións para a primeira contratación indefinida, entre outras.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O CALENDARIO LABORAL VIXENTE PARA O ANO 2012

- ***O 1 de xaneiro coincide en domingo, polo que se permite engadir como festivo autonómico o 17 de maio, día das Letras Galegas, que se suma así ao 25 de xullo, Día de Galicia***
- ***En total, serán doce días festivos entre os nacionais e os autonómicos, máis as dúas xornadas de festas locais***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o proxecto de decreto polo que determina o calendario laboral para o ano 2012 en Galicia. Esta axenda recolle tanto os festivos nacionais como os autonómicos, de xeito que son, en total, doce días festivos de carácter retribuído e non recuperable.

As comunidades autónomas teñen a facultade de opción ou substitución de festivos por outros que pola súa tradición lle son propios. En Galicia óptase polo 25 de xullo, Día de Galicia, e, sempre que o calendario anual o permita por coincidir en domingo algún festivo estatal, pódese declarar festivo outro día, que por orde de preferencia sería o Día das letras galegas.

Precisamente, ao coincidir o 1 de xaneiro en domingo, a Comunidade Autónoma de Galicia opta por substituílo polo 17 de maio, Día das Letras galegas. Deste xeito, súmase ao outro festivo autonómico (25 de xullo, Día de Galicia).

Polo tanto, o calendario laboral quedará configurado así:

6 de xaneiro	Día de Reis
5 de abril	Xoves Santo
6 de abril	Venres Santo
1 de maio	Festa do Traballo
17 de maio	Día das Letras Galegas
25 de xullo	Día Nacional de Galicia
15 de agosto	Asunción
12 de outubro	Día da Hispanidade
1 de novembro	Todos os Santos
6 de decembro	Día da Constitución
8 de decembro	A Inmaculada
25 de decembro	Nadal

A estes días haberá que sumar as dúas festas locais, que dependerán en cada caso dos distintos concellos, e que serán publicados tanto nos boletíns oficiais da provincia como no *Diario Oficial de Galicia* (DOG).

O CONCELLO CORUÑÉS DE MIÑO CEDE AS SÚAS COMPETENCIAS URBANÍSTICAS Á AXENCIA DE PROTECCIÓN DA LEGALIDADE URBANÍSTICA

- *O municipio delega neste organismo o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística dos solos rústico e urbanizable así como nos núcleos rurais*
- *Os ingresos das multas coercitivas e sancións impostas serán repartidos a partes iguais entre a Administración autonómica e o concello*
- *Con esta adhesión serían 54 os convenios autorizados polo Consello da Xunta, o que supón unha superficie de máis de 3.900 qm² e un beneficio para máis de 246.000 habitantes*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de adhesión entre a Axencia de Protección da Legalidade Urbanística (APLU), organismo dependente da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, e o concello coruñés de Miño. En virtude deste acordo, o municipio de Miño delega na Axencia da Legalidade Urbanística o exercicio das competencias municipais de inspección, supervisión, sanción e restablecemento da legalidade urbanística en relación coas obras e usos do solo, que se executen sen licenza urbanística ou sen axustarse ás súas condicións, sempre que estean situadas nalgunhas das seguintes clases de solo: rústico e urbanizable, mentres non sexa aprobado o correspondente plan parcial ou de sectorización, así como no ámbito dos núcleos rurais delimitados.

A APLU é un ente público de natureza consorcial, dotado de personalidade xurídica, patrimonio e orzamento propios e plena autonomía no cumprimento das súas funcións, para o desenvolvemento en común pola Administración autonómica e os municipios que voluntariamente se integren nela das funcións de inspección, restauración da legalidade e sanción en materia de urbanismo, e o desempeño de cantas outras competencias lle asignan os seus estatutos.

Ingresos compartidos

Os ingresos obtidos por multas coercitivas e sancións administrativas impostas en exercicio das competencias delegadas serán repartidos a partes iguais de modo que o 50 por cento pasará á Administración autonómica e o 50 por cento restante ao concello.

Cómpre sinalar que a Axencia exercerá estas responsabilidades desde o día seguinte ao da publicación do convenio no *Diario Oficial de Galicia* (DOG) e considérase que a vixencia do convenio será indefinida. Nesta delegación de competencias non se inclúe a reposición da legalidade nin a potestade sancionadora en relación coas obras completamente rematadas antes da publicación deste convenio, que serán exercidas polo concello. A resolución dos recursos administrativos interpostos contra os actos

emitidos pola axencia en exercicio de competencias delegadas corresponderá ao concello.

Por último, o Concello debe prestar a cooperación e asistencia activa que o organismo autonómico solicite, co fin de levar a cabo un eficaz exercicio das súas competencias; terá tamén que facilitarlle ao persoal da axencia o acceso inmediato aos expedientes de planeamento, xestión e disciplina urbanística, así como canta información, documentación e axuda material precise para o adecuado cumprimento das súas funcións; e contribuír ao sostemento económico da axencia nos termos que establece o citado convenio de adhesión.

Concellos adheridos á APLU

Con esta nova adhesión serían 54 os convenios autorizados polo Consello da Xunta. Con isto, a APLU xestiona actualmente máis de 3.900 quilómetros cadrados de superficie correspondentes aos municipios adheridos: 15 na Coruña, 8 en Lugo, 20 en Ourense e 11 en Pontevedra, o que supón máis de 246.000 habitantes.

Concello	Poboación	Territorio (quilómetros ²)
A CORUÑA		
A BAÑA	4528	98
A CAPELA	1439	58
ARES	5628	18,3
ARZÚA	6484	155,4
BOIMORTO	2348	82,4
CARIÑO	4617	46,8
CEDEIRA	7511	85,4
DODRO	3024	36,1
LOUSAME	3702	93,6
MIÑO	5628	33
MUGARDOS	5605	12,8
OROSO	6804	72,1
PORTO DO SON	9867	94,6
TOQUES	1416	77,9
VAL DO DUBRA	4481	108,7

LUGO		
BECERREÁ	3276	172,1
BEGONTE	3538	126,8
CASTROVERDE	3110	174,2
LOURENZÁ	2569	62,6
O SAVIÑO	4570	196,6
RIBEIRA DE PIQUÍN	723	73
TRABADA	1436	82,7
O VALADOURO	2209	110,5
OURENSE		
AMOEIRO	2318	39,7
CARBALLEDA DE AVIA	1607	47
CASTRELO DE MIÑO	1981	39,7
CASTRELO DO VAL	1240	122
CORTEGADA	1367	26,9
ENTRIMO	1406	84,5
GOMESENDE	1048	28,3
MACEDA	3153	102
MASIDE	3087	40
O BARCO DE VALDEORRAS	14040	85,7
PADERNE DE ALLARIZ	1597	38,8
PARADA DE SIL	729	62,4
O PETÍN	1042	30,5
PIÑOR	1430	52,7
SAN AMARO	1335	28,9
TABOADELA	1690	25,2
VERÍN	14237	94,1
VILAMARÍN	2254	56,1
VILARDEVÓS	2382	152,1
PUNXÍN	861	17,1

PONTEVEDRA		
A GUARDA	10404	20,5
CUNTIS	5172	79,8
MEAÑO	5475	27,8
MORAÑA	4349	41,3
NIGRÁN	17869	34,8
OIA	3192	83,3
PONTECESURES	3116	6,7
VILABOA	5935	36,9
FORCAREI	4108	168,4
CALDAS DE REIS	10036	68,2
PONTEAREAS	23316	125,6
TOTAL		
TOTAL	246.280	3.902,5

ECONOMÍA E INDUSTRIA INXECTA 900.000 EUROS PARA PROMOVER A INNOVACIÓN NOS CENTROS TECNOLÓXICOS DA LOUSA E DO GRANITO

- *O Consello da Xunta autoriza a sinatura de dous convenios coas fundacións dos dous centros tecnolóxicos*
- *Ambos poderán dispoñer dun pagamento anticipado de 720.000 euros para favorecer de inmediato as súas actividades*
- *Os convenios permitirán levar a cabo investimentos en recursos humanos e materiais co obxectivo de impulsar estudos e melloras tecnolóxicas tendentes a incrementar os niveis de innovación nos sectores da lousa e do granito, altamente especializados e internacionalizados*
- *A Consellería de Economía e Industria está comprometida co apoio aos sectores da lousa e do granito cunha estratexia transversal dende os seus diferentes departamentos para xerar proxectos innovadores altamente competitivos*

O Consello da Xunta autorizou hoxe á Consellería de Economía e Industria a sinatura de dous convenios coas fundacións dos centros tecnolóxicos da Lousa e do Granito para destinar un total de 900.000 euros a avanzar no desenvolvemento e consolidación destes dous centros tecnolóxicos a través de realización de actividades en materia de I+D+i. Ademais, ambos os dous centros poderán dispoñer dun pagamento anticipado global de 720.000 euros sen necesidade de achegar garantías para favorecer de inmediato as súas actividades.

Os convenios, de 450.000 euros cada un, teñen en conta as especiais características destes dous importantes centros tecnolóxicos galegos, dedicados a satisfacer as demandas de servizos tecnolóxicos e liderar as liñas estratéxicas en investigación, desenvolvemento e innovación nos seus sectores na procura da mellora da competitividade do tecido empresarial, un dos obxectivos fundamentais da Consellería de Economía e Industria.

Os convenios autorizados hoxe permitirán aos dous centros tecnolóxicos levar a cabo investimentos en recursos humanos e materiais co obxectivo de avanzar na súa consolidación da man do I+D+i, impulsando estudos e melloras tecnolóxicas tendentes a incrementar os niveis de innovación nos sectores da lousa e do granito, altamente especializados e internacionalizados.

A Consellería de Economía e Industria está comprometida co apoio aos sectores da lousa e do granito cunha estratexia transversal dende os seus diferentes departamentos para xerar proxectos innovadores altamente competitivos; e, como consecuencia de todo isto, acadar un nivel de competitividade e internacionalización óptimo das capacidades galegas relativas á I+D+i.

Esta iniciativa enmárcase no reto do I2C de converter a innovación no principal mecanismo de competitividade das empresas galegas e multiplicar a capacidade de valorización do coñecemento desenvolvido nos centros de investigación. O plan de Innovación e Crecemento concentra boa dos seus recursos orzamentarios na innovación empresarial, pero desde a óptica de que os recursos públicos orientados a ela funcionen coma un catalizador para unha cultura empresarial cimentada na innovación, como a forma máis eficiente de xeración de valor, competitividade e crecemento. Neste sentido, o eixo estratéxico do I2C baseado na innovación empresarial fai énfase na promoción da innovación aberta, coa que os procesos de innovación saen dos departamentos de I+D das empresas para dar lugar a procesos baseados na colaboración.

A XUNTA CONVÉRTESE NA PROMOTORA DAS DÚAS CAMPAÑAS DE INVESTIGACIÓN DO GRAN BURATO CUN FINANCIAMENTO DE 1,26 MILLÓNS

- *A Xunta tamén financiará a segunda expedición para detectar e valorar a existencia e extensión de posibles xacementos de hidrocarburos*
- *As conclusións aportadas polos científicos de Universidade de Vigo na primeira campaña de 2010, desprenden evidencias da posible existencia de gas na zona*
- *Segundo os investigadores, cómpre seguir afondando no estudo para poder determinar a existencia de gas e a súa viabilidade de explotación*
- *A segunda expedición inclúe zonas próximas ao Gran Burato ou estruturas relacionadas*

O Consello da Xunta de Galicia vén de autorizar a Consellería de Economía e Industria para a sinatura dun convenio de colaboración coa Universidade de Vigo e co Consello Superior de Investigacións Científicas, para o desenvolvemento da segunda campaña de investigación do "Gran Burato". Deste xeito, o Goberno galego, cunha nova achega de 760.000 euros, convértese no promotor da exploración da morfoestrutura singular atopada na marxe continental occidental de Galicia, destinando un total de 1,26 millóns de euros ao financiamento das dúas expedicións.

As conclusións ofrecidas polos científicos da Universidade de Vigo, dos resultados obtidos na primeira campaña de 2010, que tivo lugar entre os días 16 de outubro e 3 de novembro de 2010 a bordo do Buque Oceanográfico Sarmiento de Gamboa, inclúen evidencias da posible existencia de gas na zona do Gran Burato.

Porén, segundo os propios investigadores, cómpre seguir afondando no seu estudo para poder determinar, cunha fiabilidade aceptable, a existencia de gas e a súa posible viabilidade de explotación.

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Economía e Industria, considera do máximo interese seguir apoiando, mediante o financiamento dunha segunda campaña en 2011, tamén a bordo do Buque Oceanográfico Sarmiento de Gamboa, o Grupo de Xeoloxía Mariña e Ambiental da Universidade de Vigo. Nesta segunda expedición, ampliarase a zona asociada á morfoestrutura singular da marxe continental occidental de Galicia coñecida como O Gran Burato, incluíndo zonas próximas de interese ou estruturas relacionadas.

O Grupo de Xeoloxía Mariña e Ambiental da Universidade de Vigo levará a cabo esta campaña para a investigación xeofísica e xeolóxica da citada zona e para a súa interpretación científica, co propósito fundamental de establecer e valorar a existencia e extensión de posibles xacementos de hidrocarburos. O desenvolvemento deste proxecto implicará a realización de levantamentos xeolóxicos que se emprenderán

como parte integrante do proxecto de investigación sobre o fenómeno xeolóxico do Gran Burato, incluíndo a recollida, o tratamento e a interpretación de datos.

EDUCACIÓN INVESTIRÁ 6,3 MILLÓNS DE EUROS EN AXUDAS DE APOIO Á ETAPA PREDOUTORAL DOS TITULADOS NAS UNIVERSIDADES GALEGAS

- *Con estes contratos contribúe a equiparar os recursos humanos de investigación do Sistema Universitario de Galicia cos doutros países europeos*
- *O número de axudas incrementase nun 35% esta convocatoria respecto de 2009*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria investirá 6,3 millóns de euros na concesión de axudas do Programa de apoio á etapa predoutoral, no marco do Plan Galego de Investigación, Innovación e Crecemento 2011-2015 (Plan I2C) para o ano 2011. Deste xeito Educación incrementa o número destes contratos nun 35% - das 74 do ano 2009 ás 100 da presente convocatoria-.

Con estas axudas o departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad fomentará que as universidades do Sistema Universitario de Galicia (SUG) contraten tituladas e titulados superiores para a súa formación como doutores nos seus centros. A contratación deste persoal nas etapas iniciais é de gran relevancia para lograr que o sistema alcance unha dimensión dos seus recursos humanos de investigación comparable a outros países europeos. Esta etapa constitúe, ademais, a base para que mediante a execución dun proxecto de investigacións se adquiran as habilidades propias do persoal investigador.

Contía e requisitos

A consellería financiará un máximo de 100 contratos de 21.000 euros anuais, cunha duración máxima de tres anos. A porcentaxe de axudas concedidas para cada ámbito de coñecemento (Artes e Humanidade, Ciencias, Ciencias Sociais e Xurídicas, Enxeñaría e Arquitectura, Ciencias da Saúde) non será inferior ao 15% dos contratos financiados.

Poderán solicitar estas axudas, co visto e praxe da súa universidade, as tituladas e titulados superiores que se vaian formar como doutores nas universidades do SUG, estean matriculados nun programa de doutoramento oficial impartido nunha universidade do SUG e estean tamén a realizar a tese nunha destas universidades. Os seleccionados quedarán vinculados á universidade onde desenvolva a súa actividade a través dun contrato de traballo en prácticas ou dun contrato laboral.

Incompatibilidades

Os seleccionados para percibir estas axudas poderán recibir bolsas que se convocan para cubrir algunha das accións formativas que vaia realizar segundo o seu proxecto, tales como asistencia a congresos, seminarios e cursos de especialización ou estadias noutros centros para aprender ou intercambiar técnicas de investigación.

Porén, as axudas concedidas serán incompatibles con outras axudas ou subvencións que teñan a mesma finalidade e coa realización doutro traballo remunerado. Tampouco poderá beneficiarse destas axudas quen teña sido contratado coas axudas do Programa María Barbeito do INCITE, ou quen conten con outras bolsas ou contratos predoutorais equivalentes durante un período igual ou superior a nove meses.

A convocatoria desta axudas constitúe unha aposta da Xunta de Galicia polos recursos humanos ligados ao Sistema Galego de I+D+I, unha iniciativa que se está a ver reforzada coa posta en marcha do novo Plan Galego de Investigación, Innovación e Coñecemento 2011-2015 (I2C)

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E GRUMICO COLABORARÁN PARA O TRASLADO A CENTROS ESCOLARES DE 15 ALUMNOS CON GRAVES DISCAPACIDADES DA PROVINCIA DA CORUÑA

- ***O acordo cobre os traslados entre o fogar e o centro educativo, e as viaxes en horario escolar aos centros de rehabilitación***

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria e a Asociación Grupo de Persoas con Discapacidade da Coruña (GRUMICO) asinarán un acordo de colaboración para que o alumnado con discapacidades poida desprazarse aos seus respectivos centros educativos. A reunión semanal do Goberno galego deu hoxe o visto e praxe a este acordo, do que se beneficiarán este curso académico 15 escolares.

Trátase de escolares con distintos tipos de discapacidades que precisan nos seus traslados ao centro educativo dunha atención específica e personalizada, de acordo coas súas necesidades físicas e psíquicas particulares. Así, o convenio cobre os desprazamentos de ida e volta desde os domicilios dos rapaces aos seus centros escolares, así como a ou desde os centros en que reciban tratamento rehabilitador, cando este coincida co horario escolar. Ademais, o servizo obxecto do convenio estará adaptado ás necesidades horarias das alumnas e alumnos, moitas veces condicionadas polos tratamentos médicos que estes necesitan.

Ao abeiro do convenio, GRUMICO comprométese a facilitar os desprazamentos cos vehículos adaptados que sexan necesarios, así como a prestar os pertinentes servizos de acompañamento e atención ao alumnado trasladado. Ademais, nos vehículos poderán viaxar os cuidadores daquelas persoas que precisen atención individualizada, continua e permanente. Pola súa banda, a consellería farase cargo do 80% do gasto derivado da prestación destes servizos.

A Asociación GRUMICO é unha entidade sen ánimo de lucro que ten como fin estatutario a defensa dos intereses das persoas discapacitadas, co fin de acadar a máxima atención social aos problemas que presentan, así como a súa propia recuperación, rehabilitación e integración na sociedade, para o que colabora con organismos e entidades que teñen relación coa problemática dos discapacitados.

Coa sinatura deste convenio, a Consellería de Educación facilita o acceso á escolarización ao alumnado galego, atendendo á súa diversidade e ás súas necesidades específicas.

EDUCACIÓN COLABORARÁ CON ASOCIACIÓNS DE APOIO A DISCAPACITADOS DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA PARA O TRASLADO A CENTROS ESCOLARES DE 91 ALUMNOS

- *O departamento dirixido por Xesús Vázquez Abad asinará acordos con ACEESCA, ASPANAEX e AMENCER-ASPACE*
- *Os acordos cobre os desprazamentos entre o fogar e o centro educativo, e as viaxes en horario escolar aos centros de rehabilitación*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria colaborará con asociacións de apoio a discapacitados da provincia de Pontevedra para que o alumnado con discapacidades poida desprazarse aos seus respectivos centros educativos.

Deste xeito, 91 alumnas e alumnos beneficiaranse dos convenios de colaboración coa Asociación Comarcal de Educación Especial Santísimo Cristo del Amor (ACEESCA), coa Asociación en favor das persoas con discapacidade intelectual da provincia de Pontevedra (ASPANAEX) e coa Asociación de Atención á Parálise Cerebral e Afíns AMENCER-ASPACE, aos que deu hoxe o visto e praxe o Consello da Xunta.

Servizos prestados

Ao abeiro destes convenio, financiarase o importe dos desprazamentos de ida e volta desde os domicilios dos rapaces aos seus centros escolares, así como a ou desde os centros en que reciban tratamento rehabilitador, cando este coincida co horario escolar. O servizo obxecto do convenio estará adaptado ás necesidades horarias das alumnas e alumnos, moitas veces condicionadas polos tratamentos médicos que estes necesitan, e nel prestaranse os pertinentes servizos de acompañamento e atención ao alumnado trasladado. Ademais, nos vehículos poderán viaxar os cuidadores daquelas persoas que precisen atención individualizada, continua e permanente. Pola súa banda, a consellería farase cargo do 80% do gasto derivado da prestación destes servizos.

O obxectivo destes acordos é dar resposta ás necesidades de escolares con distintos tipos de discapacidades, que precisan nos seus traslados ao centro educativo dunha atención específica e personalizada, de acordo coas súas necesidades física e psíquicas particulares.

Coa sinatura deste convenio a consellería reafirma o seu compromiso coa atención á diversidade do alumnado galego, para fomentar o seu acceso á escolarización en igualdade de condicións.

SANIDADE INCLÚE CATRO NOVOS PRINCIPIOS ACTIVOS NO CATÁLOGO PRIORIZADO DE PRODUTOS FARMACÉUTICOS DE GALICIA, COS QUE AGARDA AFORRAR AO REDOR DE 12 MILLÓNS DE EUROS ANUAIS

- *Trátase de Valsartán, Valsartán/hidroclorotiazida, Esomeprazol e a Betahistina*
- *Os aforros non só serán para o Servizo Galego de Saúde, senón tamén para o peto da cidadanía galega, que poderá aforrar entre 2 e 9 euros, segundo o tipo de medicamento*

O Consello da Xunta reunido no día de hoxe vén de aprobar un Acordo que ten por obxecto a modificación do Catálogo Priorizado de Produtos Farmacéuticos de Galicia. Esta modificación faise por proposta da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica de Galicia.

Seguindo o camiño emprendido hai uns meses, e logo de que o Tribunal Constitucional levantara a suspensión do Catálogo argumentando que a sustentabilidade do sistema sanitario público impón a todos os poderes a necesidade de adoptar medidas de racionalización e contención do gasto farmacéutico, o departamento que dirixe Pilar Farjas considera necesario engadir novos principios activos que axuden a diminuír a facturación farmacéutica sen que por iso se rebaixe a calidade ou a eficacia da prestación.

Os principios activos propostos para inclusión no Catálogo priorizado son os antihipertensivos Valsartán e Valsartán /hidroclorotiazida; un protector gástrico, o Esomeprazol (novos conxuntos de intercambio); e un antivertixinoso, a Betahistina.

Este aforro anual que se estima acadar nestes novos conxuntos obedece á aplicación da Lei 12/2010, do 22 de decembro, de racionalización do gasto na prestación farmacéutica da Comunidade Autónoma de Galicia, que, entre outras medidas, inclúe a implantación dun Catálogo priorizado de produtos farmacéuticos de Galicia como unha das iniciativas que axudarán a racionalizar o dito gasto.

En consecuencia, o aforro anual estimado para os novos conxuntos de intercambio propostos é de ao redor de 12 millóns de euros. Pero os aforros non só serán para o Servizo Galego de Saúde, senón tamén para o peto da cidadanía galega, que poderá aforrar entre 2 e 9 euros, segundo o tipo de medicamento.

Mesma eficacia, seguridade e calidade

O Catálogo ten como obxectivo o financiamento selectivo de medicamentos e produtos sanitarios dentro do nomenclátor oficial de produtos farmacéuticos elaborado polo Ministerio de Sanidade. Neste sentido, nel selecciónanse algúns dos fármacos recollidos nun mesmo conxunto de intercambio, entendendo como tal o conxunto dos que teñen o mesmo principio activo, a mesma dose, a mesma

presentación e igual número de unidades por envase. Estes medicamentos do conxunto de intercambio posúen a mesma eficacia, seguridade e calidade e considéranse intercambiabes entre si.

O departamento que dirixe Pilar Farjas Abadía é consciente de que o gasto farmacéutico é un dos principais compoñentes do gasto sanitario e un dos que máis comprometen a sustentabilidade futura dos sistemas sanitarios. Polo tanto, o mantemento e actualización do Catálogo priorizado de produtos farmacéuticos de Galicia axudará a acadar a sustentabilidade.

Así mesmo, na medida en que a situación económica o permita, a Xunta de Galicia reinvestirá na mellora do sistema sanitario público os aforros derivados das medidas previstas na Lei de racionalización do gasto na prestación farmacéutica, especialmente na atención primaria.

APROBADA A PREVALENCIA DA UTILIDADE PÚBLICA DUN PROXECTO DE SUBESTACIÓN TRANSFORMADORA NUN MONTE DE PONTECALDELAS

- *O Servizo de Montes de Medio Rural en Pontevedra comunicou o expediente á comunidade de 'Reigosa', quen non se opuxo ao dito proxecto*
- *O expediente de prevalencia foi promovido pola Eléctrica Los Molinos (ELEMOL)*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo polo que se declara a prevalencia da utilidade pública do proxecto "Subestación transformadora 66/20 kV A Reigosa", sobre a que cualifica ao monte veciñal en man común 'A Reigosa', pertencente á comunidade homónima, no municipio pontevedrés de Ponte Caldelas. A superficie afectada é superior aos 15.300 metros cadrados.

Tras a autorización do proxecto por parte da Xefatura Territorial da Consellería de Economía e Industria en Pontevedra, o Servizo de Montes de Medio Rural nesta provincia comunicou o expediente á comunidade de Reigosa e abriuse un período de quince días para posibles alegacións. Esta comunidade non se opuxo á realización do proxecto.

A Dirección Xeral de Montes da Consellería do Medio Rural, no exercicio das súas competencias e á vista de toda a documentación do expediente, así como das pertinentes aclaracións que se foron facendo ao longo del, propuxo que se emitise informe favorable sobre esta prevalencia, de acordo co previsto no Decreto 260/92, do 4 de setembro, polo que se aproba o regulamento da Lei de montes veciñais en man común.

MEDIO RURAL E O MINISTERIO DE DEFENSA RENOVAN A SÚA COLABORACIÓN EN MATERIA DE PREVENCIÓN DE INCENDIOS FORESTAIS

- *Defensa comprométese a despregar durante o verán patrullas terrestres e helicópteros, con misión de vixilancia e disuasión, que se incrementarán segundo as necesidades*
- *A Consellería do Medio Rural financiará o operativo*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o convenio de colaboración entre a Consellería do Medio Rural e o Exército para tarefas de prevención de incendios forestais en Galicia. Este convenio establece unha implicación gradual por parte do Ministerio de Defensa neste labor, en cooperación coa Xunta, segundo diferentes niveis de risco vinculados á gravidade da situación. O obxectivo fundamental desta colaboración é vixiar e identificar os potenciais axentes causantes de lumes forestais, ao tempo que se busca que a propia presenza dos medios militares no monte os disuada deste tipo de prácticas delitivas.

Despregamentos

En virtude deste acordo, o Ministerio de Defensa comprométese a levar a cabo, durante a campaña contra incendios forestais en Galicia, os despregamentos operativos de patrullas terrestres con misión de vixilancia e disuasión, compostas por tres militares sobre vehículo e helicópteros de vixilancia, de acordo cos seguintes niveis de risco: o risco medio (situación de normalidade) supón o despregamento de 23 patrullas terrestres; o risco alto suporá o despregue de ata un máximo de 50 patrullas en terra; o risco moi alto implicará o despregamento de ata un máximo de 75 patrullas terrestres. En canto a medios aéreos, segundo a situación de risco, poderían despregarse ata 2 helicópteros de vixilancia.

Pola súa banda, a Consellería do Medio Rural, a través da Dirección Xeral de Montes, comprométese a financiar o importe dos gastos que se produzan con motivo desta colaboración. O orzamento previsto para o despregamento en situación de normalidade ascende a 504.371,00 euros para o recoñecemento, actividade operativa e relevos de unidade das Forzas Armadas.

Novidades

Os efectivos militares vanse concentrar nun territorio máis reducido, que coincide coas áreas tradicionalmente máis castigadas polo lume, para mellorar a eficacia da súa presenza como elemento disuasorio, ademais do labor de vixilancia que realizan.

Incrementos

Para os niveis de risco alto e moi alto, e tendo en conta a imposibilidade de prever con antelación as circunstancias concretas dos despregamentos, considéranse uns incrementos progresivos de gasto diario para engadir ao que correspondería á

situación de normalidade. O convenio tamén establece que o Ministerio de Defensa, en coordinación coa Xunta, seguirá unha política informativa activa, co obxecto de dar a coñecer á poboación a existencia dun despregamento militar coa misión de previr os incendios forestais na nosa Comunidade. Este acordo de colaboración terá un período de vixencia dende o 15 de xullo ata setembro de 2011.

A XUNTA DESTINA MÁIS DE 2 MILLÓNS DE EUROS Á PREVENCIÓN DA CONTAMINACIÓN MARIÑA E Á INSPECCIÓN PESQUEIRA DE GARDACOSTAS

- ***A Consellería do Mar prorroga o contrato para a xestión das actuacións realizadas a través de medios marítimos***

A Xunta destinará 2.406.539 euros á prevención da contaminación mariña, a tarefas de salvamento marítimo e aos labores de inspeccións pesqueira de cara a dar cobertura aos profesionais do mar. Faino a través da cuarta prorroga do contrato entre o servizo de Gardacostas e a empresa *Remolcanosa* para a xestión das actuacións realizadas a través de medios marítimos, que hoxe foi aprobada polo Consello da Xunta. A Consellería do Mar tramitou a prorroga deste contrato axilizando a eficacia dos servizos ante calquera posible emerxencia da costa galega.

Para a prestación do servizo, a Xunta pon como medios á disposición do contratista o remolcador de salvamento *Sebastián De Ocampo*, o buque de salvamento e apoio *Irmáns García Nodal*, o buque polivalente *Valentín Paz Andrade* e a patrulleira *Paio Gómez Chariño*. Ademais, cóntase co buque *Ría de Vigo*, contratado pola Xunta de Galicia e a Axencia Europea de Seguridade Marítima.

O acordo inclúe a realización de todas aquelas actuacións dirixidas a adoptar medidas de preservación do medio mariño e dos seus recursos, tales como o control e a prevención da contaminación mariña. Tamén recolle as accións dirixidas a auxiliar e protexer ás persoas, os bens e o medio mariño e asegurar a conservación do medio no ámbito das competencias da Comunidade Autónoma de Galicia. Ademais inclúe todos os labores de apoio a calquera actividade relacionada coas responsabilidades da Consellería.

O contrato, que se estenderá ata o 31 de decembro de 2011, obriga tamén á dotación de persoal suficiente para asegurar a prestación do servizo durante os 365 días do ano as 24 horas do día nos buques para atender con inmediatez calquera incidente que se produza en augas da Comunidade Autónoma.

A XUNTA CREARÁ UNHA BOLSA DE VIVENDA PARA DAR SAÍDA AO STOCK EXISTENTE CON PREZOS MÁXIMOS LIMITADOS, FACILIDADES PARA A COMPRA E A IMPLICACIÓN DE PROMOTORES E ENTIDADES FINANCEIRAS

- *A medida incluírase na nova Lei de vivenda que está a elaborar a Xunta, e cuxo anteproxecto se someterá a vindeira semana a información pública*
- *A Bolsa de Vivenda (en venda ou en alugueiro con opción a compra) será xestionada polo IGVS e nela poderán inscribirse aquelas vivendas cuxa construción estea rematada, sempre en primeira transmisión*
- *Desenvolverase a través dun convenio marco a que se poderán adherir todos os axentes intervenientes no sector, como promotores, entidades financeiras ou concellos, poñendo no mercado vivendas en condicións vantaxosas*
- *O convenio establecerá beneficios que permitan mellorar o acceso dos compradores ao financiamento, especialmente dos máis novos, así como unha redución do gasto*
- *Os prezos máximos serán limitados regulamentariamente e se facilitará o inmediato acceso de solicitantes ás vivendas ao tempo que se elimina o stock*
- *Segundo os datos estatais, en Galicia existen no mercado máis de 32.000 vivendas que non teñen saída*
- *A bolsa de vivenda terá vixencia ata o 31 de decembro de 2014 e poderá ser prorrogada por acordo do Consello da Xunta de Galicia.*

O anteproxecto da nova Lei de vivenda que está a elaborar a Xunta de Galicia será sometido a vindeira semana a información pública, tal e como se informou hoxe ao Consello do Goberno galego.

O novo texto legal ten como un dos seus principais obxectivos implementar medidas axeitadas á situación económica actual para dinamizar o sector, mobilizando os milleiros de vivendas que nestes momentos non atopan comprador. Preténdese así garantir unha dobre finalidade: facilitar o acceso á vivenda aos demandantes e, ao mesmo tempo, promover a reactivación dun sector económico fundamental.

Ademais, a Lei de vivenda pretende garantir o acceso dos cidadáns a unha vivenda digna e axeitada ás súas necesidades, partindo de principios de transparencia e igualdade no acceso á vivenda protexida e establecendo garantías xurídicas para os usuarios.

Medidas para dinamizar o sector

No anteproxecto recóllense medidas pensadas para mobilizar e reactivar o sector da vivenda, así como outras actividades relacionadas con ela. Proponse a creación dunha bolsa de vivenda (en venda ou en alugueiro con opción a compra) que será xestionada polo IGVS e na cal poderán inscribirse aquelas vivendas cuxa construción estea rematada, sempre en primeira transmisión. A bolsa de vivenda terá vixencia ata o 31

de decembro de 2014 e poderá ser prorrogada por acordo do Consello da Xunta de Galicia.

A bolsa desenvolverase a través dun convenio marco a que se poderán adherir todos os axentes intervinientes no sector da vivenda, como promotores, entidades financeiras ou concellos, co obxecto de adoptar medidas de apoio e fomento, poñendo no mercado vivendas en condicións vantaxosas.

Neste convenio estableceranse beneficios que permitan mellorar o acceso dos compradores ao financiamento, especialmente os máis novos, así como unha redución do gasto. Os prezos máximos serán limitados regulamentariamente e se facilitará o inmediato acceso de solicitantes ás vivendas ao tempo que se elimina o stock.

Segundo os datos estatais, en Galicia existen no mercado máis de 32.000 vivendas que non teñen saída. Abrirase un proceso de diálogo con entidades financeiras e con promotores para asinar o convenio marco que permita establecer condicións atractivas ás persoas que queren acceder a un fogar e que, segundo a Xunta, teñen nese stock de 32.000 vivendas unha posibilidade para logralo.

Unha lei oportuna e necesaria

Segundo explicou o presidente galego, Alberto Núñez Feijóo, trátase dunha lei oportuna para afrontar a situación aberta no mercado inmobiliario despois de que entrara en vigor a decisión do Goberno central de retirar as axudas á adquisición de vivenda; e necesaria para afrontar a situación real con respostas efectivas que a Lei de 2008 non é capaz de proporcionar.

Tamén precisou que constitúe un texto legal que persegue crear un marco estable que non teña que modificarse cada 4 anos, fronte a anterior lei que na propia exposición de motivos argumentaba que se era texto promulgado nun momento de *boom* inmobiliario e cun importante auxe da promoción e construción de vivendas libres, situación moi distinta da que se vive na actualidade.

A lei tamén pretende ser clarificadora, eliminando as imprecisións da anterior, que resulta excesivamente regulamentista, ríxida, contraditoria e de difícil aplicación. Tamén desaparecerá a previsión de creación de organismos que, segundo a Lei de 2008, estarían dotados de competencias que xa exerce o Instituto Galego da Vivenda e Solo, polo que a creación de novos órganos so serviría para duplicar competencias e incrementar os gastos.

Facilitar o acceso á vivenda

A nova Lei de vivenda enmárcase dentro do paquete de medidas que o Goberno galego está a poñer en marcha nun ámbito especialmente importante para moitas familias e para a maioría dos mozos, que é o acceso á vivenda. Así, aprobouse unha primeira rebaixa fiscal, que reduciu á metade os impostos para facilitar o acceso á vivenda aos mozos e ás familias numerosas, complementada por unha segunda rebaixa que afecta cinco impostos vinculados á vivenda, entre eles a rehabilitación ou as hipotecas.

Ademais creouse o novo Rexistro Único de Demandantes de vivenda, que permite eliminar os atrancos que se producían co anterior modelo; e en consenso coa FEGAMP e cos colexios profesionais implicados, modificouse decreto das Normas do Hábitat. Outras das medidas posta en marcha pola actual Xunta foi o Plan Aluga, que regula e fomenta o aluguer de vivendas; o decreto que axiliza e facilita os trámites para as axudas destinadas a rehabilitación de vivendas no rural, en núcleos históricos e no Camiño de Santiago; e a mobilización de máis de 25 millóns de euros de fondos propios que posibilitarán unhas 4.800 accións de rehabilitación.

MÁIS DE 3.000 EMPRENDEDORES E EMPRESAS GALEGAS RECIBIRON ASESORAMENTO DE BIC GALICIA NO PRIMEIRO SEMESTRE DO ANO PARA REFORZAR E CONSOLIDAR O TECIDO PRODUTIVO

- *Os obxectivos fundamentais son promover o espírito emprendedor e dotar os empresarios dos coñecementos e ferramentas necesarias para consolidar os seus proxectos e manter o emprego en Galicia*
- *As catro provincias galegas acolleron case un cento de seminarios presenciais destinados aos emprendedores, e as ferramentas telemáticas para impulsar negocios recibiron máis de 66.770 accesos*
- *A estratexia de consolidación está baseada na innovación e no acceso aos novos mercados para medrar, e manter e crear emprego*
- *BIC Galicia traballa de xeito coordinado non só coas políticas de fomento e consolidación empresarial da Consellería de Economía e Industria, senón co resto da Xunta en consonancia co Plan Estratégico*

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e prace ao informe elaborado por BIC Galicia, organismo dependente da Consellería de Economía e Industria a través do Igape, sobre o impulso ao emprendedurismo no actual contexto económico durante o primeiro semestre do ano a través das actividades que centran os seus dous grandes obxectivos: promover o espírito emprendedor e dotar os empresarios dos coñecementos e ferramentas necesarias para consolidar os seus proxectos e manter e crear emprego en Galicia.

Deste xeito, e segundo se desprende do documento do que hoxe tivo coñecemento o Goberno de Galicia, BIC Galicia achegou información, formación e asesoramento a nivel presencial a máis de 2.160 emprendedores galegos a través de case un cento de seminarios que se desenvolveron nas catro provincias de Galicia entre os meses de xaneiro e xuño.

Así mesmo o informe reflicte que os recursos para emprendedores dispoñibles na páxina web de BIC Galicia contabilizaron máis de 66.770 accesos para detectar e explotar oportunidades de negocio, avaliar ou realizar plans de negocio, acceder a manuais prácticos de xestión para autónomos, entre outras ferramentas, o que demostra o elevado interese do tecido empresarial de Galicia.

Dentro da área de consolidación, baseada na innovación e no acceso aos novos mercados para medrar e ampliar negocios, BIC Galicia contactou con preto dun millar de empresas no primeiro semestre do ano a través de diferentes proxectos como o Medra, a Rede Mentoring e o proxecto de cooperación transfronteirizo Bioemprende, a través do cal se detectaron 72 oportunidades de negocio.

O informe elaborado por BIC Galicia apunta que o impulso do espírito emprendedor entre as novas xeracións desembocará na creación de novas empresas, moitas delas de carácter innovador, que propiciarán o principio do cambio no modelo produtivo, así como o apoio á posta en valor do coñecemento e investigación xerados, entre outros, no ámbito universitario, está a converterse en creación de empresas, xeración de emprego e xeración de riqueza e incremento do benestar.

BIC Galicia traballa de xeito coordinado non só coas políticas de fomento e consolidación empresarial da Consellería de Economía e Industria que dirixe Javier Guerra, senón que colabora con outras consellerías como a de Educación para levar a cultura emprendedora ás aulas, Traballo e Benestar ou Medio Rural, coas tres universidades galegas, concellos, deputacións, cámaras de comercio e diferentes colectivos empresariais...

Ademais, o traballo de BIC Galicia responde tamén ás prioridades marcadas polo Plan Estratégico de Galicia de apoio ao desenvolvemento de sectores estratégicos como son as TIC e a biotecnoloxía, e avanzará no segundo semestre con novos programas na área de emprendedores e na de consolidación.

A FACTURA FARMACÉUTICA EN MAIO DESCENDEU EN 8,2 MILLÓNS DE EUROS EN RELACIÓN CO MESMO MES DO ANO ANTERIOR, O QUE SUPÓN UNHA DIMINUCCIÓN DO 10,4%

- *Se Galicia tivese a estrutura poboacional do conxunto de España, o gasto por habitante en farmacia sería, no 2010, 50,9 euros menor; e se a nosa Comunidade Autónoma tivese a estrutura poboacional de Andalucía, o gasto por habitante en farmacia, no 2010, sería 70,2 euros menor*

A factura farmacéutica de Galicia no mes de maio foi de 71,1 millóns de euros, segundo se recolle nun informe presentado hoxe aos membros do Consello da Xunta pola conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía. Isto supón unha redución de 8,2 millóns de euros en relación co mesmo mes do ano anterior, cando foi de 79,3 millóns, o que equivale a unha diminución do 10,4%.

Ademais, o Servizo Galego de Saúde aforrou xa, nos cinco primeiros meses do ano, 50 millóns de euros, (facturación xan-maio 2010, 400 millóns de euros; facturación xan-maio 2011, 350 millóns de euros). Así mesmo, o gasto medio por receita reduciuse case que un 15%.

No que atinxe á evolución da factura farmacéutica nos últimos anos, esta mantivo un crecemento anual acumulado de entre o 6% e o 7% nos últimos cinco anos, ata 2009. O pasado ano 2010, reduciuse ata o 0,7%, aproximándose á estabilidade.

Polo tanto, a pesar do crecemento dos últimos anos, o Servizo Galego de Saúde foi capaz de pechar 2010 practicamente coa estabilización da factura, con crecemento cero. Este é o mellor dato dos indicadores de contención do gasto farmacéutico en Galicia rexistrado desde que se transferiron as competencias en materia de sanidade á Comunidade Autónoma. E no que vai do ano 2011, o dato de variación de gasto acumulado xaneiro-maio 2011 sitúase nunha diminución do 12,47%.

Poboación envellecida

Todos estes avances se lograron a pesar de que a poboación galega é unha das máis envellecidas, cunha porcentaxe de poboación maior de 65 anos do 22%, o que provoca un maior consumo de medicamentos, como consecuencia do aumento das enfermidades crónicas e da pluripatoloxía. De feito, se Galicia tivese a estrutura poboacional do conxunto de España o gasto por habitante en farmacia sería, no 2010, 50,9 euros menor; e se a nosa Comunidade Autónoma tivese a estrutura poboacional de Andalucía, o gasto por habitante en farmacia no 2010 sería 70,2 euros menor.

Así mesmo, os galegos, seguen a facer unha demostración de responsabilidade exemplar, os pacientes pedindo medicamentos xenéricos e os médicos prescribindo a

alternativa máis eficiente. Actualmente, e pese a paralización do Catálogo priorizado de medicamentos, a prescrición de medicamentos xenéricos en Galicia mantense en cifras similares ás do mes de abril, cunha porcentaxe de ao redor do 28% do total.